

V.

Pico secou os ollos co trapo da cociña e meteu a pistola na boca de novo. Quería apertar o gatillo, pero o furabolos se paralizaba ante o sabor metálico do canón e unha vez máis debeu abandonar esa idea. Porén, desde o chan os dous corpos parecían seguir esixindo esa solución definitiva. O da súa muller quedara boca arriba, deixando ao descuberto a ferida que dera cabo dela por segunda e definitiva vez, e na súa man continuaban aferrados os restos de Goliath, o loro que tiñan había máis de cinco anos e que non puido acabar de comer. A bala entráralle polo ollo esquerdo e agora nese lugar abríase un buraco negro que de lonxe podía semellar un parche de pirata, mentres que Raúl caera boca abaixo tras o golpe na caluga. Afortunadamente, só perdera o coñecemento, aínda que lle zoupara co propósito manifesto de matalo. Non podía pasar con menos fronte a quen acababa de disparar á súa parella desde había máis de vinte anos, nin sequera coa evidencia de que con iso lle salvara a vida. Con aquel disparo, dera cabo dunha parte del, e así xa non importaba nada.

Máis que o pesadelo no que estaba inmerso, recordaba o vivido desde que puxera o pé na súa casa como unha historia allea na que se carecen dos necesarios elementos da narración. A discreción esixida polo seu compañeiro de escapada quedara directamente dinamitada baixo aquel teito. Berrou e berrou o nome das dúas integrantes da súa familia que imaxinaba alí dentro. Ao distinguir a silueta da muller aparentemente facendo algo sobre a cociña,

tivo un chisco de alivio pensando que fora un alarmista, pero ao xirarse ela, coa boca chea de plumas e aquel ollar do que xa non eran ollos senón as troneiras ao abismo quedou conxelado, hipnotizado ante aquel horror, e nin chegou a decatarse que aquela cousa corría en tromba a por el, por iso o disparo pareceu trepanarlle os tímpanos. Raúl conseguira apuntar e dar no branco, pero do único que tivo conciencia Pico era de que agredira mortalmente á súa dona e por iso actuou en consecuencia. Déralle coa botella porque resultara ser o que tiña máis a man, pero seguramente de ter alcanzado un coitelo ou calquera outro obxecto máis letal teríao empregado sen dubidar.

A evidencia conseguiu esquivar a dor paralizante na que estaba somerxido: a súa filla maior non estaba. Rexistrara toda a casa de arriba abaixo e non había a menor evidencia da súa presenza. Aínda que era un risco importante, saíu ao galpón anexo á casa e o que alí descubriu valeulle canto menos para desbotar por un tempo a idea de acompañar á muller no seu abismo final.

Regresou correndo á cociña e axudou a incorporarse a Raúl e incluso limpoulle un pouco a ferida da cabeza cun trapo mollado, pero á súa pregunta sobre o que pasara el contestoulle que súa filla conseguira escapar na bici de cross. Non era en absoluto unha suposición, estaba convencido diso ante o cadeado con que a ataban aberto pola combinación e a falta do casco do andel onde se deixaba. A súa primoxénita sabía de memoria todas as combinacións de números usadas naquela casa e caracterizábase tamén pola súa extrema prudencia en calquera circunstancia. Só alguén como ela acordaría en poñerse o casco, incluso ante unha urxencia así. Se os seus cálculos eran certos, ela optara por marchar dese xeito a pedir axuda ante a falta de liña telefónica. Pico

cría, máis ben desexaba crer, que a rapaza non chegou a estar presente naquela resurrección espantosa da autora dos seus días. Seguramente, estaría cruzando a toda a velocidade posible carreiros e sendeiros tentando chegar á vila na procura de asistencia especializada, pero iso convertíaa en posible obxectivo de todas aquelas cousas que aínda debían seguir polo monte. “Non temas, rula. Papá vai por ti”, fungou con toda a convición do mundo. Salpicou cun pouco de auga ao pedáneo para que acabase de espertar e sen darlle maiores posibilidades de recuperarse, preguntoulle se estaba en condicións de conducir para inmediatamente apuralo a ir buscar á súa filla. Encamiñáronse ao coche, el levando a vella marra de canteiro do seu avó e unha lanterna e o condutor de novo coa pistola no seu poder. Pico devolvéralla unha vez recoñecido que apenas sabía manexala e, sobre todo, que continuaba a sentir a tentación inconfesable de pegala na sen e rematar dunha vez con todo aquilo. No exterior pareceu cambiar de opinión e comezou a petar na porta da casa dos veciños, precisamente, os que trouxeran no coche á súa familia. Ninguén abriu, aínda que nun momento dado os movementos e ruídos do interior foron claramente perceptibles. Raúl devecía por levalo ao coche, en prevención de todo o que por alí aínda puidera aparecer, pero el non se movía do sitio, e seguía a golpear, cada vez con máis forza. “Para xa”, soou por fin desde dentro, pero non abriron, aínda que o pediu de todas as formas posibles. Aqueles veciños tiñan fama de hospitalarios, pero o medo parecera impulsarlles a encerrarse e non atender sequera a quen consideraban case da familia nas conversas de épocas tranquilas. Por fin, a voz da muller soou a través daquela madeira e ladrillo e tras unha nova recua de rogos, accedeu a relatar desde dentro o acontecido desde a volta coa dona e a filla de Pico.

Aparcaran o vello utilitario na porta e aínda estiveran os catro charlando uns minutos despreocupadamente e, por iso, os primeiros ruídos dos ramallos ao moverse limitáronse a explicalos como algún can perdido, pero preferiron recollerse nas respectivas vivendas. Segundo confesaba aquela tremente voz feminina, no fondo non debían estar moi conformes con esa explicación fácil por canto aqueles ruídos non tiñan moito que ver cos dos animais bravos, así que, improvisando diversas excusas, entraran nas respectivas casas e botaran todas as pechaduras. Aquela narradora calculaba que non pasaran nin cinco minutos cando alguén comezou petar nas portas. Ela acubillarase nun recuncho do salón, pero chegara a oír o portón da casa de Pico abrirse co seu habitual renxer da falta de lubricación e, nese punto da historia, el non puido deixar de experimentar o máis parecido a unha patada sen pé na boca do estómago ao lembrar as frecuentes protestas polo seu habitual esquecemento de aceitar aquelas bisagras. A veciña seguiu contando que tamén chegara a escoitar o “quen é” e un inmediato berro de dor e, de novo, a porta cerrando con forza. Pico entón recordou angustiado a man cunha ferida nos dedos que amosaba o cadáver da muller con quen a noite antes fixera o amor e elaborou na súa cabeza a imaxe posible do suceso. O que parecía unha chamada seica foi interpretado por ela como a chegada do home da casa cunhas cantas copas de máis. Outra nova patada dun pé incorpóreo cortoulle a respiración ante esa conclusión na que o sentimento de culpa tamén tomou posicións na súa alma. A veciña rematou o seu relato afogada en saloucos dicindo que había un bo rato que o seu home decidira asomarse a comprobar que pasara, sobre todo cando lles parecera notar que desde a casa do lado saía alguén e, pese a todos os seus rogos porque non o fixera, el preferira facer prevalecer a súa

decisión, e saíra coa escopeta de caza que tamén se axenciara para os xabarís, pero aínda non regresara e, o que era peor, parecera soar un berro. Tras unha recomendación entrecortada de que non abrise a ninguén que non se identificase, Pico subiu por fin ao coche e apurou a Raúl para baixar á vila. Internáronse entre árbores e fentos na busca dos sendeiros que abeiraban aquela zona a unha velocidade que ao condutor lle parecía excesiva para as condicións da noite pero que a Pico lle resultaba excesivamente lenta. Por iso, ao atoparse de fronte con aquela sombra, non entendeu inmediatamente que puideran alcanzala como fixeron por moito que Raúl cravase o freo até o mesmo fondo, ao igual que non entendeu os seus lamentos e imprecacións sobre o accidente. Estaba infinitamente canso e no único que podía pensar era en salvar á súa pequena de todas aquelas cousas que deran cabo da nai. De súpeto, o atropelado ergueuse lentamente e logo comezou a camiñar cara a eles a bastante velocidade aínda ter sido lanzado polo aire a máis de cinco metros. A luz dos faros permitiulle distinguir a Fernando, o seu veciño e agora por obriga no bando dos inimigos redivivos. Levaba a escopeta e a canana colgadas nos ombros, o que lle daba un aspecto aínda máis aterrador, de calquera salteador de camiños de ultratumba. Seica preferira liberarse da arma porque se confiara ou, pola contra, porque nun momento dado preferira deixar as mans libres para poder correr máis rápido.

Pico baixou do coche tras alcanzar a marra e, case sen transición, chegou ao encontro daquela cousa xa definitivamente descoñecida e, alzando aquela ferramenta como se non pesase máis ca un martelo doméstico, afundiulla na cabeza. Nese estadio de non sentir e actuar no que quedara atrapado, non valorou que dera cabo de quen consideraba bo home e mellor

amigo, senón que contaban cun inimigo menos e un arma con munición máis. Cunha tranquilidade froito desa insensibilidade obrigada, limpou a ferramenta contra a terra e a roupa do cadáver, quitou a este a escopeta e a canana e regresou ao coche. Xa dentro, apurou a un Raúl aínda en estado de shock a rescatar á súa pequena canto antes.

Sobre todas as cousas, Daniel volvía saborear a sensación de culpa dos grandes erros que ás veces lle amargaba a nenez. O de agora, en cambio, era consecuencia dunha valoración completamente obxectiva. Atendendo ás normas do Corpo, el entregara a súa arma e deixara tomar o mando a uns elementos potencialmente perigosos que aumentarían dun xeito exponencial todos e cada un dos riscos posibles. Canto menos, iso ía supor, case con seguridade, un importante expediente disciplinario na súa pobre folla de servizo pero, en realidade, era o que menos lle importaba. O peor de todo era que el regresara para axudar a aquela xente e coa súa neglixencia os colocara na peor situación imaxinable. Ao menos, conseguiran deixar encerrados no dormitorio de matrimonio a aqueles tres feridos cando empezaron a empeorar, pero non conseguira recuperar ningunha das armas. Supoñía que acabaran morrendo de maneira máis ou menos simultánea, se ben os berros de auxilio que proferira o que tiña a pistola facía supoñer que só quedaban dous pois, como comprobaran no torreiro, os mortos máis desfeitos non parecían capaces de erguerse de novo, aínda que o problema seguía estando en que nese intervalo entre as mortes e a reanimación parárase demasiado a pensar na mellor estratexia para entrar e recuperar a pistola ou o rifle. Pero, a quen quería enganar, el nunca fora home de grandes ideas nin decisións rápidas. Só quería

facer un traballo administrativo en calquera comandancia tranquiliña, e agora víase no que parecían as primeiras batallas contra as forzas do inferno. Estivera carrexando os mobles que previamente taponaran o cuarto de baño a esoutra porta para trabala o mellor posible. Tamén subira o cadáver xa definitivamente morto daquela pobre muller para que non estivera á vista dos demais e agora tentaba refrescarse de tanto esforzo enxaugándose cara e brazos na pila. O xabón tiña un arrecendo moi agradable a mazá verde e, pese a toda a desorde e cousas rotas que aquela rediviva causara entre a súa morte e resurrección, a estancia seguía tendo un aspecto de sitio ben coidado e limpo, se ben a grosería de moitos dos anteriores usuarios co uso do inodoro deixara repugnantes pegadas de ouriños e incluso feces que pareceron revolverlle máis o estómago que moitas das cousas terribles vistas esa mesma noite.

Mirouse no espello. A súa cara, aínda perlada de gotiñas de auga, tiña un aspecto de esgotamento, e xuraría que no seu pelo negro apareceran xa algunhas canas. Sentíase moi canso, case derreado. Se non chegaba axiña axuda, ben da que lle garantiran pola radio, ou ben da que prometeran traer aqueles dous desgraciados que liscaron no todo-camiño, a cousa podía enrarecerse até o insoprible, pero seguía sen ocorréselle un mínimo plan de acción e ao único que ían os seus pensamentos unha e outra vez era ao ben que podería estar botar unha cabezadiña, pero os golpes brutais daquel cuarto fixéronlle volver ás bravas á realidade. A maioría das portas daquela maldita casa abrían cara ao corredor e nunha situación como a que estaban a vivir antollábase a peor idea posible de deseño. A do dormitorio non tiña pechadura e acabara cedendo e agora os que estaban tras ela empuxaban con forza

facendo arrastrar perigosamente os mobles que a trababan. Consegurían escapar e chegar ao resto da xente que estaba alí, e el seguramente non sería capaz de coller a tempo algunha das armas e voarlles os miolos. Os voluntarios máis tenaces continuaban a facer forza no sentido contrario, pero estaban a perder nesa loita e seguramente acabarían polo chan nalgunha das arremetidas. Estaban perdidos.

“Hai que dar cabo deles antes que eles dean cabo de nós”. A frase, tan evidente na súa precisión que parecera quedar escamoteada nas mentes dos presentes, veu darlle o pulo que estaba necesitando. A cantante da orquestra chantárase fronte a el para cuspirlla, aínda que a escoitaron todos os que seguían no corredor. “Se nos poñemos varios, podemos acabar con eles”, insistiu a moza, e el concluíu unha vez máis naquela noite tan estraña que, se conseguía seguir con vida, á mañá seguinte o primeiro que faría sería pedirlle unha cita en condicións e logo romper con Laura, a súa noiva formal. Esa promesa de cousas boas fíxolle recordar un dos principios de ataque, así que, retomando o ton de xefe de seguridade que todos parecían esperar del, ordenou aos homes que lle pareceron máis fortes que agarrasen todos os obxectos contundentes o suficientemente manexables para movelos sobre as súas cabezas e descargalos en golpes. Animados por esa posibilidade de poder facer algo, un total de cinco homes e catro mulleres, entre elas, a cantante, brandían tallos, martelos, madeiras e canta cousa tivese capacidade para lesionar con severidade. El optou por coller unha figura de bronce non moi bonita que parecía representar unha serea, do suficiente peso e dureza para os seus propósitos. Antes de precisar o seguinte paso a emprender, gastou o que parecían uns segundos imprescindibles convencendo á cantante de que non se



podía sumar ao plan pois precisábaa indemne como única persoa con coñecementos sanitarios, algo que ela aceptou de mala gana, pero que supuxo un enorme alivio para as verdadeiras motivacións del, pois tiña claro que se nesa refrega aquelas cousas lle tocaban un so cabelo, o primeiro que faría unha vez recuperase a pistola sería pegarse un tiro pois, con todo o vivido esa noite, a soa idea de que non seguise aquela muller no mundo parecía o maior castigo posible.

Analizado con calma, o plan presentaba demasiadas lagoas. Daniel esperaba apostado a carón da porta, no alto dun moble e brandindo aquela pesada figura de bronce, e outro par de voluntarios agardarían tamén subidos a outros mobles armados cos anacos dos andeis de carballo que formaran parte dun bonito moble, mentres outros catro esperaban xusto detrás da porta do salón. Contaba que, atacando desde altura, terían un lixeiro vantaxe, e prefería obviar o que podía pasar se calquera deles era derrubado. Dubidou entre abrir a porta ou esperar a que fosen aquelas cousas as que se abrisen paso e quedouse con esta segunda posibilidade, así que todos esperaron nun tenso silencio uns tres minutos que pareceron alongados como goma de mascar até que por fin os antigos membros da orquestra fixeron ceder todo o que lles entorpecía o paso. Daniel golpeou con todas as súas forzas ao que quedara máis cerca del e rebentoulle o cranio como se fose un tomate maduro. Soubo antes de que caese que xa non se levantaría nunca máis. Os outros dous que tamén saíran foran abatidos respectivamente polo pai da rapaza á que axudara tras o palco e outro home que recoñeceu como un dos achegados dos que faleceran na sancristía pero, aínda que os seus golpes foran igual de certos, baixaron nun chimpo de onde estaban empoleirados e continuaron

baténdolles cunha saña xa innecesaria. Algúns dos que esperaban no salón uníronse a aquela malleira e cando por fin chegou Daniel canda eles, unha vez recuperadas as armas de fogo perdidas, comprobou que as cabezas quedaran reducidas a polpa. Os executores observaban a súa obra cunha mestura de asco e satisfacción, incapaces de afastar a vista de alí, pero o salouco da filla do Coelleiro veu destruír aquel encantamento. Súa nai sentara nunha cadeira da cociña e alí, entre os golpes nas persianas dos resucitados teimando por entrar e o escándalo do labor de exterminio preventivo de dentro, emprendera o sono do que xamais volvería espertar. Seica un vello problema de corazón que reaparecera nesa noite aciaga, como comentaban algúns veciños, ou quizais, como pensou deprimido Daniel, que o seu ánimo simplemente dixerá “basta” e acabara por desconectar aquel órgano que todos cualificaban de gran calidade. O seu home necesitara a corda que cortase a súa respiración, pero a ela parecera chegarlle con aquela desolación continua dese día da festa patronal que sempre esperara con ilusión. O axente debeu facer grandes esforzos para conter as bágoas. Aínda que antes desa noite, nunca falara con esa señora máis alá dos “bos días” ou “boas tardes” con que a saudaba nas súas patrullas, tamén sentía que se estaba a producir a volatilización das cousas boas nunha apocalipse de mortos redivivos, carne arrincada e sangue por todas partes. “Hai que desfacerse deses corpos”, determinou, máis para alivio da súa frustración que por unha verdadeira urxencia en si. Resolveron lanzalos pola fiestra, e entre varios o fixeron con máis rapidez da esperada. El preferiu non pensar no alivio que parecera supoñer para aqueles padioleiros o feito de lanzar o inimigo derrotado sobre os que aínda seguían en pé, e cando o definitivo cadáver de quen a rapaza identificara como Abilio alcanzou na súa

caída a un par dos de abaixo e os derrubou, a xente prorrompeu nuns inapropiados aplausos que porén calquera podería entender perfectamente. Os restos da dona da casa, pola contra, foron subidos ao faiado cun recollemento propio das honras fúnebres máis solemnes e colocados entre os do seu home e a súa nora. Aquela parte da vivenda quedara convertida no panteón familiar provisional dos Coelleiros e Daniel non puido deixar de persignarse ante unha ocorrencia tan triste. Inmediatamente despois, introduciu o cargador de respecto na culata da súa pistola e deixouna preparada para disparar.

Precisamente, quen antes era coñecida como unha das netas dos Coelleiros vagaba polo terreo máis abaixo do torreiro en busca dalgunha outra presa coa que saciar a súa fame infinita. Devorado o gando que tivera a inmensa mala sorte de achegarse por alí e continuando inalcanzables as provisións de formas similares á súa naquela atalaia, ela fora das que comezaran a baixar monte a través en busca de máis comida, pois nada parecía chegarlles. Seguramente, o seu obxectivo neses momentos eran os xabarís que, segundo moitos veciños, abundaban pola parroquia e que dalgún xeito deberan detectar aquelas perversións de resucitados. Quen até había unhas tres horas chamaban Lidia botouse a andar con aquel paso cambaleante entre fentos e árbores, obviando sendeiros e camiños e co único impulso de coller aqueles seres sobre catro patas que prometían novas e abundantes racións de alimento. A súa andaina desordenada deu os seus froitos e á altura do cruceiro do Camiño Vello atopouse a un deses animais fozando no extremo da finca dos Pena. Se na súa vida como persoa tería fuxido a todo o que desen as súas penas, neste novo estado só imperaba a ansia que nunca remataba.

Abalanzouse sobre o animal e cravou os dentes naquela pel dura, pero nin con ese voracidade multiplicadora de forzas conseguiu fender aquel coiro nin controlar os violentos movementos do porco bravo, quen se retorceu e logo acometeu a aquela atacante. A antiga Lidia saíu disparada varios metros como se a tivese atropelado calquera coche, e varias costelas escacharon na caída, pero incorporouse rapidamente, aínda cos seus movementos dirixidos pola fame. Apareceu outro redivivo co chaleco fosforescente dos técnicos sanitarios do 061 e o animal acometeuno cunha furia multiplicada, lanzándoo a unha distancia aínda maior. O antigo empregado dos Servizos de Saúde foi dar de cabeza contra unha rocha que había a un lado do camiño e escachou a base do cranio mentres o xabarín liscaba de alí escandalizado ante eses novos comportamentos dos humanos pois, se xa bastante tiña cos disparos e as trampas, o único que lle faltaba eran aqueles ataques corpo a corpo.

Inexistente a frustración nese novo estado, a rapaza continuou a moverse en busca doutros alimentos. O cadáver xa definitivo do técnico de ambulancia amosaba na súa perna a ferida en forma de media lúa que lle fixera un dos primeiros afectados do laboratorio ao ir comprobar o seu estado. El e o seu compañeiro tiveran a inmensa desgraza de estar precisamente cun servizo de traslados na vila e por iso correran cara alí antes de que se puidese avisar de calquera precaución, quedando detidos xusto un par de curvas antes do accidente no que se viran implicados moitos dos que fuxían cando atropelaron a alguén que logo resultou o seu atacante. O xa definitivamente falecido morrera por primeira vez apoiado nas ruínas dun vello muro no que fora agocharse, preguntándose que demo estaba a pasar para que unha simple ferida provocara un febre tan alto en tan pouco tempo.

Lidia continuou baixando aos tombos, tropezando coas raíces e pedras da ladeira, aínda esfameada e sen notar a picada do óso desprazado sobre os seus pulmóns. Nun momento dado enganchou o pé cunha pedra e caeu a rolos pola pendente, golpeándose e acabando de machucar o seu corpo, pero mantendo intacta a súa ansia. Tentou incorporarse tras parar unha rocha o seu obrigado descenso, pero rompera unha perna e volveu dar no chan sen equilibrio. Os seguintes intentos baldíos fixéronlle seguir avanzando a rastro, impulsándose sobre os cóbados, esquecendo definitivamente o seu camiñar sobre dúas pernas.

Chegara á chaira onde un par de anos antes instalaran media ducia de mesas e bancadas de granito vía subvencións comunitarias. Un proxecto impulsado polo pedáneo e revelado como unha mala idea por canto quedarán colocados nunha área non especialmente cómoda no acceso nin bonita en canto a paisaxe, pero que esa noite parecera coller unha nova utilidade, se tivese a necesaria conciencia para atender ao grupo de persoas enfundadas en equipos propios do adestramento de cans de presa que levaban un rato observándoa con prismáticos. Tres daqueles individuos botáronselle enriba e conseguiron inmovilizala tras moitos esforzos e dentadas paradas con aquelas grosas proteccións. No seguinte movemento conxunto desa mesma placaxe conseguiron encerrala na caixa hermética dun furgón no que ela se revolveu furiosa tentando saír cuns fortes golpes que de nada valían ante aqueles ferrollos reforzados e que se aínda tivese a humana capacidade de atención aos detalles tería comprobado que no seu exterior era idéntico aos empregados polas peixeiras ambulantes, dunha inocente cor branca, co único

detalle cromático de dúas sosas liñas horizontais amarelas que cruzaban os seus costados.

Á orde de “adiante”, aquela xente despregouse cara arriba. Tentaron apreixar outro dos redivivos cos que se cruzaron, pero a súa elección non era adecuada. Aquel vello técnico sanitario medía case dous metros e debía pesar cento e moitos quilos, así que ao sentirse asaltado por varios sitios remexeuse e contraatacou como unha fera salvaxe. As súas dentadas practicamente arrincaran as proteccións daqueles homes, e un par saíron despedidos varios metros nunha daquelas revoltas violentas da súa presa, caendo sobre unhas penas coa indefensión duns bonecos rexeitados. Ante a súa inmovilidade, os seus compañeiros preferiron abortar a súa misión e trasladalos de contado á enfermaría dos laboratorios, pero primeiro tiveron que quitarse de enriba a aquela cousa, incansable nas súas trabadas. Optaron por afastala a empuxóns até que rodou por unha pendente próxima.

A rediviva Lidia non estaba para analizar esas novidades. Os ósos das súas mans estaban completamente esmagados pero seguía petando unha e outra vez contra aquela porta, arqueándolle a súa chapa, pero sen conseguir facela ceder.